

Con carácter xeral, a Disposición Adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, dispón a suspensión de termos e a interrupción de prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Porén, esta norma prevé a posibilidade de excepcionar desa suspensión aqueles procedementos que resulten indispensables para o funcionamento básico dos servizos públicos.

No caso do servizo público do ensino superior, a aprobación de novos cursos de posgrao ben como a renovación da autorización dos xa existentes constitúe unha medida indispensable para permitir que ao inicio do curso 2020-2021 a UDC conte cunha oferta adecuada de títulos propios. Máxime se se advirte que se trata dun procedemento non competitivo, que non existe un numerus clausus de títulos propios de posgrao e que, en fin, a Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente vai abrir, en canto se leventa o estado de alarma, un prazo extraordinario para a presentación de novas propostas.

Deste modo, co obxectivo de manter, na medida do posible a normalidade no comezo do próximo curso no que aos cursos da Unidade de Estudos Propios da UDC se refire, e ao mesmo tempo ter en consideración as dificultades que a excepcionalidade da situación de alarma sanitaria está a ter no desenvolvemento da actividade normal dos membros da comunidade, a Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente

RESOLVE:

1.- Manter un primeiro prazo de presentación de novas propostas e renovacións de cursos propios de posgrao, **ampliando o prazo previsto ata o venres 24 de abril de 2020**, para aquelas propostas que, malia a situación excepcional provocada polo estado de alarma sanitaria, están en condicións de presentar as propostas para ser avaliadas pola Comisión de Estudos Propios e poder ser aprobadas coa antelación suficiente para asegurar o comezo normal do curso 2020/2021 en setembro de 2020.

2.- Abrir un segundo prazo extraordinario de presentación de novas propostas e renovacións de cursos propios de posgrao, que **abrirá ao día seguinte do cese do estado de alarma** para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 e **cerrará 10 días hábiles despois**.

3.- Manter o terceiro prazo de presentación de novas propostas e renovacións de cursos propios de posgrao **do 7 ao 23 de setembro de 2020**.

Para calquera dúbida ou consulta contactar co persoal da Unidade de Estudos Propios de Posgrao (ext. 2392, 2382, uepp@udc.es).

(asinado dixitalmente)
Nancy Vázquez Veiga
Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente

DIRECTORES DE CURSOS PROPIOS DE POSGRAO
DECANOS E DIRECTORES DE CENTROS, DEPARTAMENTOS E INSTITUTOS UNIVERSITARIOS

Código Seguro De Verificación	ufP52kvz8gG4M4HzIIHXBw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	14/04/2020 12:10:53
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ufP52kvz8gG4M4HzIIHXBw==		

